

***AS CONFRARÍAS RELIXIOSAS NA FREGUESÍA DE SANTA MARÍA DE SAAVEDRA
(BEGONTE) (DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL), NOS SÉCULOS XIX E XX***

Publicado en Estudios Mindonienses. Anuario de Estudios Histórico-Teolóxicos da Diocese de Mondoñedo-Ferrol, nº 14, 1998.

AUTOR. JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

I. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DA FREGUESÍA DE SANTA MARÍA DE SAAVEDRA.

O asentamento desta comunidade é moi probable que se formase arredor dunha fortaleza, de comezos do século XIV, que tivo o seu solar primitivo en Taboi (Outeiro de Rei). Esta casa-torre ligada cos Saavedra foi destruída durante a revolta irmandiña, conservando as súas ruínas ata hai uns lustros. É mester salientar a unha serie de persoeiros emparentados con esta casa: D. Francisco Saavedra, rexedor da cidade de Mondoñedo, a mediados do século XVI. D. Pedro de Saavedra, capitán e rexedor da mesma cidade no ano 1627. D. Diego Saavedra Osorio, deán da catedral de Mondoñedo en 1639. D. Felipe Diego Saavedra Cotón, teniente coronel de infantería en 1763. D. Miguel Saavedra y Basadre, capitán da Compañía de Cazadores do Rexemento provincial de Lugo en 1770. Esta liñaxe estendeuse mesmo á Colombia, onde o apelido seguiu tendo vixencia nas localidades de Muso e Cauca ¹.

Esta freguesía, segundo o I.N.E. do ano 2019, posúe unha poboación de 384 habitantes, distribuídos en 27 entidades de poboación. Ademais, nesta comunidade cómpre sinalar a romaxe que se celebra todos os anos o día 24 de maio, ofrecida á Virxe dos Milagres.

Dende unha óptica eclesiástica esta freguesía pertence ao arciprestado de Begonte e á diocese de Mondoñedo-O Ferrol. Non obstante, dende unha perspectiva civil esta comunidade eclesial forma parte do municipio de Begonte, do partido xudicial de Vilalba, e da provincia de Lugo. Este municipio, situado na parte occidental da provincia de Lugo, posúe unha superficie de 126,8 km². Nela vive, segundo o I.G.E. ² do ano 2019, unha poboación de 3026 habitantes, distribuída en 19 parroquias ³. As súas principais entidades de poboación son Begonte, capital municipal, e Baamonde. Os seus lindes son: ao Norte, cos municipios de Cospeito, Rábade,

¹ BLANCO PRADO, J.Manuel e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel.: *Begonte. Pasado e Presente*, Lugo: Ed. Alvarellos, 1987.

² Instituto Galego de Estatística.

Guitiriz e Vilalba; ao Sur, cos de Friol e Outeiro de Rei; ao Oeste, co de Guitiriz; e ao Leste, cos de Cospeito e Outeiro de Rei. Ademais, este territorio está comunicado pola autovía A-6 e a N-VI, coas que empata a A-8 (Autovía da Costa). Así mesmo, a liña do ferrocarril Palencia-A Coruña ten neste municipio dúas estacións: as de Baamonde e Begonte. Por outra banda, este espazo territorial está encravado na comarca da Terra Chá, que ocupa unha extensión de 1823 km², sendo considerada a comarca natural máis ampla e cha de Galicia. Abrangue, ademais deste municipio, os de Abadín, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba e Xermade, que constitúen co municipio de Outeiro de Rei os lindeiros do de Begonte.

II. AS CONFRARÍAS RELIXIOSAS DA FREGUESÍA DE SANTA MARÍA DE SAAVEDRA (BEGONTE).

O código do Dereito Canónico do ano 1917 manifesta que as asociacións dos fieis erixidas para o exercicio dalgunha obra de piedade ou caridade reciben o nome de pías unións. Mais se están constituídas dun corpo orgánico chámanse irmandades. Estas reciben o nome de confrarías, se foron erixidas ademais para o incremento do culto público⁴. ***"Las cofradías se distinguen de las demás asociaciones de fieles porque, además de estar constituídas a modo de cuerpo orgánico, se erigen para el incremento del culto público, a diferencia de las demás asociaciones que pueden tener fines caritativos o piadosos"***⁵.

As confrarías son asociacións voluntarias integradas por laicos que teñen como obxectivo promover o culto dunha serie de imaxes. ***"Reciben su denominación de los misterios de la religión cristiana, de la fiesta del Señor o de la Santísima Virgen, bien de los santos, bien de la obra piadosa a que se dedica la asociación"***⁶.

3 Baamonde (Santiago), Baldomar (San Xoán), Begonte (San Pedro), Bóveda (Santalla), Carral (San Martiño), O Castro (Santa María), Damil (San Salvador), Donalbai (San Cristovo), Felmil (Santiago), Gaibor (San Xiao), Illán (Santiago), Saavedra (Santa María), Cerdeiras (San Fiz), Pacios (San Martiño), Pena (San Vicente), Santalla de Pena (Santalla), Trobo (Santa María), Uriz (Santo Estevo), Viris (Santa Elena).

4 O Código do Dereito Canónico. Can. 707-708.

5 CACHEDA VIGIDE, Eduardo-Aurelio.: ***La Religiosidad Popular en Galicia. El Municipio de Arzua***. Santiago: Edicións e Deseño, S.L., páx. 318.

Estas irmandades teñen un obxectivo relixioso-católico e dependen da autoridade eclesiástica. Dentro delas lévanse a cabo relacións de sociabilidade, convivencia e reciprocidade. Poden chegar a representar o nivel de identificación e integración de toda a comunidade.

As confrarías en Galicia xa tiñan vixencia nos séculos XII e XIII. Unha das primeiras é a confraría de Cambiadores, fundada en Santiago no século XIII, que tamén se coñecía por confraría do Cirial, nome derivado do cirio que se mantiña encendido dun xeito constante na cúpula da Basílica⁷.

Por outra banda, a devoción ao apóstolo Santiago permanece igualmente reflectida no proceso de erección de confrarías relixiosas ao longo de todo o camiño de peregrinación, que tiñan como finalidade favorecer a peregrinaxe a Galicia, e dar abeiro e asistencia aos peregrinos. O seu momento de máxima difusión dáse nos séculos XIII e XIV e continua ata a segunda metade do século XVIII⁸.

As confrarías poden disporse en igrexas ou en oratorios públicos, agás a do Santísimo Sacramento, que se establece sempre na igrexa parroquial. No interior das igrexas adoitan ocupar un altar determinado ou capela coa imaxe, que dá nome á confraría.⁹

Os fins concretos de cada confraría, a súa estrutura, órganos de goberno, condicións e obrigas dos socios, e privilexios e favores espirituais, que se derivaban da pertenza a cada unha delas, quedaban matizados nos seus estatutos.

Nesta freguesía temos que distinguir tres confrarías:

*** A CONFRARÍA DO SANTÍSIMO.**

*** A CONFRARÍA DAS ÁNIMAS.**

*** A CONFRARÍA DA NOSA SEÑORA.**

⁶ O Código do Dereito Canónico. Cán. 710.

⁷ CACHEDA VIGIDE, Eduardo-Aurelio.: *Ob. Cit.*, páx. 320.

⁸ CACHEDA VIGIDE, Eduardo-Aurelio.: *Ob. Cit.*, páx. 320.

⁹ FARIÑA JAMARDO, José.: *La Parroquia rural en Galicia*, Madrid: Instituto de Estudios de Administración Local, 1975, páx. 153.

1ª. ANÁLISE SOBRE A CONFRARÍA DO SANTÍSIMO.

A confraría do Santísimo foi a asociación máis tradicional das parroquias rurais galegas. O arcebispo de Santiago D. Gaspar de Zúñiga fundouna en todas as igrexas parroquiais da diocese no ano 1559, no que publicou unha pastoral na que manifestaba o seguinte:

"Considerando ser necesario conforme a los Sagrados Concilios, razón y buena costumbre que el Sanctísimo Sacramento esté perpetuamente en el reliquario, y cuanto daño y peligro de las ánimas se sigue de lo contrario, no sin grave tristeza hemos sido informados que en muchas yglesias de nuestro Arçobispado no ay Sacramento, y donde le ay no está con la limpieza, la decencia y la honorificación que a tan alto Señor se debe. Por tanto, queriendo proveer de rremedio, nos a parecido ser cosa conveniente ordenar una Cofradía del Santísimo en todo nuestro Arçobispado, como la instituyó nuestro muy sancto padre Paulo tercio en Roma y exorta encarecidamente se instituya en toda a Christiandad, y concede innumerables indulgencias y perdones a todos los confrades de la dicha Cofradía, como parece por su Bula; la qual mandamos imprimir juntamente con las reglas que han de guardar los dichos confrades; y exortamos e mandamos a todos los Rectores, curas e sus tenientes hagan leer muchas veces esta bula en sus feligresías, no dexen de ayudar a tan sancta obra y ganar tantas indulgencias y perdones..."¹⁰. Esta disposición foi válida logo para as outras dioceses do antigo Reino de Galicia.

O administrador da confraría, representado inicialmente por un mordomo e logo polo párroco da freguesía, levaba a cabo as seguintes tarefas:

1ª. Recadaban as tarxas dos confrades, que pagaron vintecinco céntimos nos primeiros quinquenios do século XX. Na década dos setenta e oitenta estes pagaron unha cota de quince pesetas. *"Cuarenta y una pesetas cobradas de los confrades a razón de veinticinco céntimos"*¹¹.

10 FRAGUAS, A.: Palabra "Corpus". Gran Enciclopedia Gallega, T. 7, páx. 160.

11 A CONFRARÍA DO SANTÍSIMO. *Freguesía de Santa María de Saavedra*. Ano 1917.

2ª. Recollían a esmola, que os fregueses da parroquia deixaban no peto adicado ao Santísimo. **"Son cargo cuarenta pesetas reunidas de limosna durante el año de 1931" ⁱ. "Recaudado en el cepillo, setenta pesetas y noventa céntimos" ¹².**

3ª. Cobraban a renda anual de quince pesetas do monte ou curro, chamado do Sacramento, situado nas parroquias de Saavedra e Carral. **"Quince pesetas renta del Curro llamado del Sacramento sito en términos de Saavedra y Carral" ¹³.**

Esta renda percibiuse ata o ano 1934. O seu importe empregábase en mercar o aceite da lámpada, que alumaba o Santísimo. **"Siendo el producto de la renta del tojal o curro para la lámpara del Señor se invierten este año veintitres pesetas en aceite para este fin" ¹⁴.**

Co importe das tarxas e da esmola ao Santísimo, o administrador facía as seguintes actividades:

* Pagaba a cera da función do Corpus e a que se empregaba no viático.

"Es data veinte pesetas de cera para la función del Corpus y acompañar al S. S. a los enfermos" ¹⁵.

* Planificaba os seguintes actos litúrxicos:

1º. As doce misas ofrecidas aos irmáns confrades. **"Las doce misas aplicadas por los cofrades, según el estipendio ordinario, 18 ptas" ¹⁶.**

A partir do ano 1928 deixou de facer estas misas quizais pola contía económica que supoñía.

2º. A función do Corpus con asistencia de nove cregos no ano 1939, oito no 1952 e seis no 1954. Este acto pagábao algunhas veces o párroco da freguesía e algúns devotos. Ás veces os cregos, que interviñan na función relixiosa, eran xenerosos no estipendio que

12 *Ibidem*. Ano 1931.

13 *Ibidem*. Ano 1953.

14 *A CONFRARIA DO SANTÍSIMO*. Freguesía de Santa María de Saavedra. Ano 1915.

15 *Ibidem*. Ano 1916.

16 *Ibidem*. Ano 1931.

recibían. ***"Es data la función del Corpus con nueve sacerdotes cuyos gastos son en cuenta del párroco y también lo que falta para la lámpara"***¹⁷. ***"De la función de Corpus Crhisti, quinientas pesetas. El restante estipendio para esta función lo aportó un devoto del Santísimo"***¹⁸.

* Pagaba a limpeza dos candeeiros; tamén os adornos do altar.

Por outra banda, no mes de xaneiro, o mordomo da confraría levaba a cabo as contas da asociación con respecto ao ano que acababa de rematar. A maioría dos anos a confraría tiña superávit, ficando este en poder do administrador, que era o seu responsable. ***"Queda este año en favor de la cofradía y depositada en poder del párroco que suscribe, la cantidad de ciento una pesetas..."***¹⁹.

Na década dos cincuenta o párroco da freguesía depositou o superávit da confraría no banco da Coruña, de Lugo. Anos despois ingresou o excedente na caixa diocesana.

"Quedan a favor de esta Cofradía trescientas sesenta y ocho pesetas y veinte céntimos, depositadas en la Caja de Ahorros Diocesana"²⁰.

A partir do ano 1976, o párroco fíxose cargo do superávit da asociación, que na década dos oitenta foise mantendo debido aos donativos, que fixeron algúns devotos. Así, nos anos 1981 e 1983, houbo un donativo de tres mil pesetas, respectivamente. Nos anos 1984 e 1987 houbo outros de tres mil cincocentas pesetas.

2ª. ANÁLISE SOBRE A CONFRARÍA DAS ÁNIMAS.

A devoción ás ánimas foi alentada polos franciscanos, que se encargaron de instituír confrarías a tal propósito. Deste xeito, as confrarías de ánimas tiveron unha importante vixencia en case todas as parroquias da nosa comunidade. A este respecto ***Fariña Jamardo*** declaraba o seguinte: ***"Tanto, y a veces más importante, que la cofradía del Santísimo Sacramento, ha tenido y tiene la cofradía de las Ánimas, ya que apenas***

17 *Ibidem*. Ano 1911.

18 *Ibidem*. Ano 1939.

19 *Ibidem*. Ano 1976.

20 *Ibidem*. Ano 1975.

hay parroquia gallega que no tenga su correspondiente cofradía de ánimas, encargada de cuidar de las honras y sufragios que se celebran por los cofrades desaparecidos"²¹.

Ata o ano 1924 a confraría estivo administrada por un mordomo e a partir desta data polo propio párroco da freguesía. O mordomo recibía pola súa tarefa un estipendio, mentres que o párroco non. Ambos os dous levaban a cabo as seguintes funcións:

1ª. Recadaban as tarxas dos confrades. Estes ao comezo pagaban a tarxa en centeo. *"Son igualmente cargo ciento dos pesetas importe del centeno cobrado a los cofrades por este año"*²². A partir do ano 1916 os confrades pagaron tres reais de tarxa. *"Cuarenta y ocho pesetas y cincuenta centimos cobradas de sesenta y cinco cofrades a razón de tres reales"*²³.

Na década dos oitenta comezaron a pagar aproximadamente quince pesetas.

2ª. Alugaban a cera a persoas non pertencentes á confraría. *"Idem por dos entierros de no hermanos que se tuvieron en la parroquia doce pesetas"*²⁴.

3ª. Recollían a esmola, que os fregueses da parroquia deixaban no peto adicado ás Ánimas.

4ª. Co importe das tarxas, do aluguer da cera e da esmola ás ánimas pagaban á familia do defunto a cera do enterro. Tamén planificaban unha serie de actos litúrxicos:

4.1. Ata o primeiro cuarto do século vinte o mordomo organizou catro funcións dedicadas ás ánimas nos meses de abril, maio, setembro e novembro. Nelas interviñan seis ou sete cregos que recibían un estipendio polo seu labor. *"Auto o función fúnebre del mes de Abril con siete Sres. Sacerdotes dieciocho pesetas cincuenta cts. Idem de Mayo dieciocho pesetas cincuenta cts. Idem de Septbre dieciocho pesetas cincuenta cts..."*²⁵.

21 FARIÑA JAMARDO, José.: *La Parroquia rural en Galicia*, Madrid: Instituto de Estudios de Administración Local, 1975, páx. 159.

22 *A CONFRARÍA DAS ÁNIMAS*. Freguesía de Santa María de Saavedra. Ano 1911.

23 *Ibidem*, páx. 10. Ano 1916.

24 *Ibidem*, páx. 15. Ano 1920.

25 *Ibidem*, páx. 2. Ano 1911.

4.2. No ano 1926 o párroco da freguesía celebrou dúas funcións relixiosas no mes de xuño, unha en novembro, e dúas en decembro.

4.3. No ano 1928 celebrou dúas funcións relixiosas no mes de maio, e outras dúas en novembro.

4.4. A partir do ano 1936, o párroco empezou a celebrar, durante algúns anos, dúas funcións relixiosas no mes de novembro. A elas asistían nove cregos que percibían unha remuneración pola súa tarefa. Tamén celebrou un novenario. "***Son data dos funciones del mes de animas importan noventa y cinco pesetas, estas funciones asistieron nueve Señores sacerdotes. Es data cuarenta y cinco pesetas novena celebrada***"²⁶.

4.5. Desde a década dos cincuenta ata a dos oitenta, o rector da confraría levou a cabo unha función solemne no mes de novembro por todos os confrades defuntos. "***De la función solemne por todos los cofrades difuntos en noviembre mil quinientas***"²⁷.

No mes de decembro ou xaneiro, o mordomo ou o crego da parroquia facían as contas da confraría do presente ano ou do anterior. A maioría dos anos a confraría remataba en superávit, ficando en poder do párroco, que era o responsable do mesmo. "***Quedan cuatrocientas cincuenta y cuatro pesetas y veinticinco céntimos en depósito para cargo en el año próximo siendo responsable el Párroco que suscribe***"²⁸.

Na década dos cincuenta o párroco da freguesía depositou o excedente da asociación nas oficinas do banco da Coruña de Lugo. "***Quedan a favor de esta Cofradía ocho pesetas y ochenta y cinco céntimos, depositadas en el Banco de La Coruña, de Lugo***"²⁹.

Na década dos sesenta e parte dos setenta o superávit da confraría foi depositado polo párroco da freguesía na caixa diocesana. "***Quedan a favor de esta Cofradía cuatrocientas sesenta y tres pesetas, depositadas en la Caja Diocesana***"³⁰.

²⁶ *Ibidem*, páx. 39. Ano 1937.

²⁷ *Ibidem*, páx. 81. Ano 1977.

²⁸ *Ibidem*, páx. 3. Ano 1912.

²⁹ *Ibidem*, páx. 58. Ano 1955.

³⁰ *Ibidem*, páx. 75. Ano 1971.

A partir do ano 1976 o párroco fíxose cargo do excedente da asociación.

3ª. ANÁLISE SOBRE A CONFRARÍA DA NOSA SEÑORA.

Esta asociación foi administrada por un mordomo ata finais do primeiro cuarto do século vinte e logo polo párroco da freguesía. Ambos os dous cumprían as seguintes funcións:

1ª. Recadaban as tarxas dos confrades, que pagaban ao comezo medio real. "***Veintidos pesetas cobradas de los cofrades en este año a razón de medio real cada uno***"³¹.

Nas décadas dos setenta e oitenta deste século os confrades pagaban aproximadamente quince pesetas.

2ª. Alugaban a cera a persoas, que non pertencían á confraría. "***Son cargo cinco pesetas por alquiler de cera***"^{32 ii}

3ª. Recollían a esmola, que os fregueses da parroquia deixaban no peto, adicado á patroa da freguesía. "***Son cargo veinticinco pesetas de limosna de los fieles***"³³. "***De limosna, ciento noventa y siete pesetas***"³⁴.

4ª. Co importe das tarxas, do aluguer da cera e da esmola recollida pagaban a cera de enterro dos confrades defuntos, algúns actos litúrxicos, e outras cargas.

4.1. ACTOS LITÚRXICOS.

O administrador da confraría planificaba seis misas de fundación, que eran ofrecidas na honra dos confrades. Os cregos asistentes recibían unha remuneración pola súa tarefa. "***Nueve pesetas estipendio ordinario de las seis misas de fundación***"³⁵.

31 **A CONFRARÍA DA NOSA SEÑORA**. Freguesía de Santa María de Saavedra, páx. 2. Ano 1911.

32 *Ibidem*, páx. 17. Ano 1923.

33 *Ibidem*, páx. 20. Ano 1926.

34 *Ibidem*, páx. 69. Ano 1975.

* A partir do ano 1915 o administrador da confraría, ademais das seis misas de fundación, comezou a organizar unha función solemne a véspera da festividade da patroa. Asistían cinco ou seis cregos, que recibían ao principio un estipendio de quince pesetas. "**Una función de cinco sacerdotes el víspera de la Patrona quince pesetas**"³⁶.

Algunhas veces a función solemne pagábaa un devoto. "**No se carga función este año por sufragarla un devoto por sí solo en beneficio de todos**"³⁷.

* Desde o ano 1937m o párroco da freguesía organizou só unha función solemne o día oito de setembro, á que asistían seis cregos. Algúns devotos pagaban ás veces esta función relixiosa. "**Este año no se gastó nada, se encargaron de esto unos devotos**"³⁸.

* No ano 1960, o párroco da freguesía comezou a coordinar, ademais da función solemne de setembro, tres misas durante cinco anos consecutivos. Logo, só organizou a función de setembro, dedicada á Virxe e aos confrades. "**Esta cofradía aportó ochocientas pesetas para la función del 8 de setiembre**"³⁹.

4.2. OUTRAS CARGAS.

No ano 1924, o administrador da confraría mercou uns floreiros para ornamentar o altar da Virxe. O seu prezo foi de vinte e dúas pesetas.

No ano 1925 mandou facer uns traxes de seda á Virxe, adornados e pintados polas monxas agustinas de Lugo. O seu prezo foi de cento trece pesetas. "**Cuatro varas de raso de seda para un bestido al precio de doce pesetas... 48 ptas. Dos metros de otra tela de seda al precio de veintiocho pesetas... 56 ptas. Son data veinticinco pesetas por la echura de los trajes de la Virgen... 25 ptas. Son data cuarenta pesetas que cobraron las Monjas Agustinas por adornar y pintar los referidos trajes**"⁴⁰.

35 *Ibidem*, páx. 4. Ano 1913.

36 *Ibidem*, páx. 8. Ano 1916.

37 *Ibidem*, páx. 9. Ano 1917.

38 *Ibidem*, páx. 34. Ano 1939

39 *Ibidem*, páx. 71. Ano 1977.

40 *Ibidem*, páx. 19. Ano 1925.

No mes de decembro ou xaneiro, o reitor da asociación facía as contas da mesma referentes ao presente ano ou ao anterior. A maioría dos anos a confraría remataba con superávit, ficando este en poder do administrador, que era o seu responsable.

Na década dos cincuenta, o párroco da freguesía depositou o excedente da asociación no Banco da Coruña, de Lugo. *"Quedan a favor de esta Cofradía ciento veintiocho pesetas y cuarenta céntimos, que están depositados en el Banco de la Coruña de Lugo..."*⁴¹.

Na década dos sesenta e metade da dos setenta, o párroco ingresou o superávit na caixa diocesana. A partir do ano 1976 o párroco fíxose cargo do excedente da asociación. *"Quedan a favor de esta Cofradía quinientas cincuenta y nueve pesetas, de cuya cantidad se hace cargo el que suscribe, Cura párroco de Saavedra a 1 de enero de 1977..."*⁴².

41 *Ibidem*, páx. 49. Ano 1956.

42 *Ibidem*, páx. 70. Ano 1977.

i

ii